
I CARREIRA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

“ KM POLA IGUALDADE ”

CONCELLO DE ARBO

27/11/2022

O Concello de Arbo organizará o domingo 27 de novembro a partir das 10:00 horas da mañá, na Praza do Concello, a I **Carreira Contra a Violencia de Xénero “KM POLA IGUALDADE”**.

Esta proba entra dentro da labouira e compromiso social do Concello de Arbo na loita pola igualdade e prevención da violencia de xénero a través da práctica do exercicio físico saudable.

A proba estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e seguirá o seguinte:

REGULAMENTO

ARTIGO 1. PARTICIPANTES

Neste evento poderán tomar parte participantes federados e NON Federados. A idade mínima para poder participar será de 11 anos.

ARTIGO 2. HORARIO E LUGAR DE SAÍDA e META

A saída e meta das probas estará situada na Praza do Concello de Arbo.

Ubicación google maps ➔ <https://goo.gl/maps/aksyz1jDqwzaQv9S8>

HORARIO

HORA	LUGAR	CATEGORIA
11:00 h	Praza do Concello	CARREIRA (COMPETITIVA)
12:00 h	ENTREGA DE PREMIOS	

ARTIGO 3. CATEGORÍAS e DISTANCIAS

Poderán participar a partir dos 11 anos e anteriores.

Na carreira estableceranse as seguintes categorías:

- **Escolar** de 11 a 15 anos. 1 volta o circuíto ; 3,42 km
- **Senior:** de 16 a 34 anos. 2 voltas o circuíto ; 6,840 km
- **Máster:** de 35 anos en diante. 2 voltas o circuíto ; 6,840 km

ARTIGO 4. PERCORRIDO

O percorrido seguirá unha ruta de 3,42 km nos arredores do Concello de Arbo (Casa Consistorial)

ARTIGO 5. INSCRICIÓNS E PRAZO

As inscrición realizaranse na web www.carreirasgalegas.com cos seguintes prazos e prezos:

CATEGORÍA	PROBA	PREZO	PRAZO
MASTERS	CARREIRA	GRATUITO	Ate o 25 de novembro ás 14:00 horas
SENIOR	CARREIRA	GRATUITO	Ate o 25 de novembro ás 14:00 horas
ESCOLARES	CARREIRA	GRATUITO	Ate o 25 de novembro ás 14:00 horas

ARTIGO 6. PREMIOS

- Medalla ou trofeo ás/os tres primeiras/os clasificadas/os da carreira , sexa cal sexa a súa categoría.
- Trofeo ao colectivo, clube ou asociación que aporte mais participantes á proba.

ARTIGO 7. AVITUALLAMENTO

Haberá servizo de avituallamento líquido na zona de meta a disposición dos participantes.

ARTIGO 8. RECOLLIDA DE DORSAIS

Realizarase na zona de saída / meta (Praza do Concello) desde ás 09:30 horas e ata 30' antes do comenzo da proba.

ARTIGO 9. RECLAMACIÓN AOS RESULTADOS

As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó xuíz árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo cos regulamentos da **FGA**, e **RFEA** en vigor.

LOPD

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. Así mesmo autoriza a publicación da súa imaxe nas rrss propias do evento. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow ,13 - 15008 A Coruña.